

DÍA MUNDIAL DA SAÚDE MENTAL 2017

Desde 1992, cada 10 de outubro celébrase o ***Día Mundial da Saúde Mental*** por iniciativa da Federación Mundial de Saúde Mental (WFMH) e co apoio da Organización Mundial da Saúde (OMS).

Este ano o lema internacional elixido é "***saúde mental no lugar de traballo***", co obxectivo de chamar a atención sobre a importancia de promover a saúde mental no ámbito laboral e a necesidade de mellorar a integración laboral das persoas afectadas por unha enfermidade mental.

Desde esta perspectiva, a Confederación SAÚDE MENTAL ESPAÑA propón o lema "***Traballar sen máscaras. Empregar sen barreiras***" e unha identidade visual que pon fronte a fronte ao empresario que debe romper as barreiras da empleabilidade e á persoa cun problema de saúde mental que accede ao mundo laboral desquitándose do lastre da máscara tras a que oculta o seu verdadeiro ser.

Desde o **Plan Local de Drogodependencias e outras Adiccións** (PLDA) de Vigo aproveitamos esta data para seguir poñendo en valor o traballo cotián das entidades que forman parte da nosa organización e de moitas outras que operan neste ámbito na cidade de Vigo, manifestar pleno apoio ás accións do **Día Mundial da Saúde Mental** e reiterar o noso compromiso de seguir traballando pola mellora da imaxe das persoas con enfermidades mentais e da atención de todas as súas necesidades.

Vigo, 6 de outubro de 2017

Presidenta do PLDA de Vigo

*Concelleira Delegada da Área de Política Social do Concello de Vigo
Isaura Abelairas Rodríguez*

Director técnico do PLDA

Francisco Otero Lamas